

<b>Expediente núm.</b>	<b>Órgano Colexiado</b>
PLN/2024/7	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

**Tipo Convocatoria:**

Extraordinaria

Motivo: «Sorteo de mesas electorais. Eleccións ao parlamento europeo do 9 de xuño.»

**Data:**

13 de maio de 2024

**Duración:**

Desde las 21:30 hasta las 22:22

**Lugar:**

Salón de Plenos

**Presidida por:**

María Dolores Castiñeira Alén

**Secretaria:**

Ana M<sup>a</sup> Pérez Rodríguez

### ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apellidos	Asiste
76914480L	Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
35576809H	Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76907658M	Jorge Gregorio Vaqueiro	SÍ
76898889E	José Luis Fernández Pérez	SÍ
35567119B	Manuel González Rodríguez	NON
34878073E	Marcos Troncoso Estévez	SÍ
76909361Y	María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
36010833D	Salustiano Guerra García	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35578505N	Selene González Luis	SÍ
76901268D	Vanessa Rocha Núñez	SÍ



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### **Sorteo de mesas electorais ao abeiro do Real Decreto Real Decreto 363/2024, de 9 de abril de convocatoria de eleccións ao Parlamento Europeo para o día 9 de xuño de 2024**

**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Procédese, de conformidade co Real Decreto 363/2024, de 9 de abril, de convocatoria de elección de deputados e deputadas ao Parlamento Europeo, que se celebrarán o domingo 9 de xuño de 2024, ao sorteo dos membros de mesas electorais no departamento de rexistro municipal, coa asistencia das/dos concelleiras/concelleiros Sras./Sres. Pérez Cabaleiro, Gregorio Vaqueiro, Troncoso Estévez e Guerra García

O resultado do sorteo achegase como anexo á presente acta.

#### **Expediente 2688/2023. Rectificación do inventario de bens municipal: Camiños**

**Favorable****Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 3, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Traemos a este pleno novamente a actualización de inventario de camiños públicos, os camiños que traemos son seis, o primeiro o "Camiño da Pedra" un camiño para incorporar ao inventario solicitado por don Carlos Lorenzo Rodríguez presentado por Jesús Lorenzo, Joaquín González e Teodoro Bargiela ten informe favorable, está situado no barrio da Pedra en Sta. María. O segundo dos camiños é o "Camiño da Fonte do Viño" situado no barrio de Sestelo parroquia de Sta. María o camiño é produto dunha segregación, consta informe favorable, esta revisión foi feita polo equipo técnico de oficio para incorporar ao inventario municipal. O terceiro dos camiños é o "Camiño da Portela" un camiño para incorporar ao inventario solicitado por Yaiza Estévez Vila con consentimento asinado dos e das colindantes con acordo asembleario da Comunidade de Montes de Parderrubias e cos informes técnicos favorables, é un camiño que xa está asfaltado na actualidade, comeza na estrada de Portela a Piñeiro e que remata na entrada do torreiro e segue a esquerda ata unha parcela. O cuarto dos camiños é o "Camiño do Cruceiro" situado na parroquia de Sta. María, na Feira isto é produto da alteración da inscrición catastral, retírase un anaco dun camiño que se introducía nunha parcela privada, conta tamén con informe técnico favorable e o quinto camiño é o "Camiño de Loureiro" situado na parroquia de Parderrubias na estrada que vai dende a casa dos mestres na Revolta ata a subida cara ao furancho de "Chasco" incorpórase esa cesión realizada por unha persoa trala alteración catastral e neste caso tamén a través dun acordo de catastro e ten informes favorables. Estes son os cinco camiños que teñen o expediente completo e que traemos a este pleno para a súa aprobación.

**Sr. Rodríguez Davila:** Estamos ante un punto onde veñen cinco modificacións do inventario municipal de camiños polo tanto nun único punto veñen estas cinco propostas e no día de hoxe non hai ningún problema porque, polo menos pola nosa parte, estamos de acordo cos cinco camiños e polo tanto non temos ningún impedimento en sometelo a nunha única votación, era algo que se falou no último pleno onde se trouxeron estes camiños onde nós



non estabamos de acordo con certos camiños, logo houbo unha incorporación de documentación a un dos camiños que hoxe si vamos a apoiar e seguimos discrepando con outro camiño que se pretendía aprobar e que logo da petición que se lle fixo á Alcaldía non o trae a pleno aínda que a nosa proposta era que o trouxera por separado, o certo é que cando hai acordo, falo en nome deste grupo maioritario desta Corporación, nós non temos problema debatelos conxuntamente ou votalos conxuntamente pero cando hai algún desacordo con algún punto, con algún camiño o lóxico e sensato, Sra. Alcaldesa, é sometelo a votación por separado para loxicamente respectar a decisión lexítima de cada grupo en cada un dos puntos porque aquel argumento que dicían vostedes de que son camiños e polo tanto sempre se trouxeron xuntos é falso porque hai actas de pleno, aquí teño unha do ano 19 onde naquel pleno do 29 de abril do ano 2019 se incorporaron, se modificaron cinco camiños do inventario público e foron cinco votacións diferentes e cinco puntos diferentes na orde do día, en todos eles estabamos de acordo, igual que vostedes cando fan a Xuntas de Goberno que están vostedes solos, cando se dan licenzas municipais de vivendas ou peches de parcelas ou cambio de titularidade dun establecemento ou novas aperturas vostedes non votan todos eses puntos nun único punto e non votan nunha única votación e non o levan nun único punto senón que o levan separado porque é o normal, porque son expedientes diferentes aínda que o fin sexa dar licencias ou non, ou sen ir mais lonxe hoxe mesmo na acta deste pleno vamos a aprobar, dentro de un momento, dúas bonificacións de dúas obras que solicitan dúas Comunidades de Montes e as dúas teñen o mesmo fin que é bonificar o 95% do ICIO e sen embargo son dous puntos diferentes e dúas votacións diferentes porque son dous expedientes diferentes, aínda que esteamos de acordo e con esto e para que quede ben claro o noso Grupo sempre estará de acordo en votar, en debatir conxuntamente a modificación do inventario municipal de camiños sempre e cando esteamos na súa totalidade de acordo cos mesmos e senón o que lle pedimos é que non volva a suceder o que sucedeu con algún de estes camiños e que teñamos que vivir o que vivimos semanas atrás, polo tanto dito isto, o noso Grupo vai votar a favor da modificación e da incorporación a camiños públicos dos cinco que se vai a someter dentro de un momento nesta Corporación Municipal.

**Sra. Tourón Domínguez:** Traemos hoxe aquí a aprobación de incorporar ao inventario municipal cinco camiños dous deles debido a alteracións catastrais outros tres por distintas cuestións, é verdade, como decía o compañeiro do PP, que se traen os cinco camiños xuntos podemos neste caso, o Partido Socialista, estar mais ou menos de acordo con algún deles, si ben é certo, que vamos a respectar entre outras cuestións a decisión da maioría da Comunidade de Montes Veciñais de Parderrubias, pero si é certo, mais alá de respectar esa decisión que tomou por maioría nunha asemblea da Comunidade de Montes, por parte do Concello estas non son as maneiras de arranxar os problemas nin as cuestións urbanísticas de Salceda senón que son outras que todos e todas coñecemos e dende logo o urbanismo de Salceda non se vai a solucionar sementando camiños públicos, o digo porque a pesar de que o PSOE vaise a abster porque hai cinco camiños, non estamos de acordo coas forma de facer algunhas cousas.

**Sr. Guerra García:** Nós non imos apoiar este punto porque si ben hai algún dos camiños que mais ben son unha formalidade, hai algún outro caso que efectivamente entendemos que son atallos para solucionar determinadas cousas moi dirixidos a intereses particulares, nós entendemos que a xente estea preocupada pero entendemos que non se debe dende este pleno municipal é apoiar atallos para solucionar problemas urbanísticos, todo caso a nosa recomendación sería que nos léramos de vez en cando as Normas Subsidiarias e a partir do artigo 9.3 podemos ver como se solucionan certas cousas con acción urbanísticas, con traballo urbanístico cousa que non acontece neste caso e se vai pola porta de atrás para solucionar determinadas cousas, non imos apoiar isto porque entendemos que non é lei.

**Sra. Alcaldesa:** Eses camiños foron debatidos xa en sesión plenaria anterior, os veciños e veciñas sacaran as súas conclusións e a min solo me cabe estar contenta, feliz de cumprir un obxectivo que o que fai que toda a veciñanza vexa resolto os seus problemas, estes expedientes contan con todos os informes favorables non hai un so impedimento para que formen parte do inventario de camiños municipais e non vou a entrar ao debate nin as



escusas, na miña opinión, escusas non fundadas do PP, obxectivo conseguido, paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

*"Finalizado o exercicio 2023 e á vista de que durante devandito período se produciron variacións no patrimonio do Concello, concretamente en relación aos camiños municipais, que é necesario verificar mediante a rectificación anual do Inventario de Bens do Concello.*

*Vista a existencia de diversos camiños que reúnen as características que definen aos bens de dominio público conforme aos artigos 79.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local y 2.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, procedendo en consecuencia o seu recoñecemento como camiños públicos e a súa incorporación ao inventario debens municipais.*

*Visto que os sinalados camiños son os seguintes:*

*1.- Camiño sito entre as parcelas con referencia catastral 36049A019014330000KJ, 36049A019014270000KD e 36049A019014320000KI, cunha superficie (segundo a documentación aportada) de 18 metros de longo e 7,35 metros de ancho, sito no barrio de A Pedra, parroquia de Santa María de Salceda, a petición de Carlos Lorenzo Rodríguez, presenta Jesús Lorenzo Fernández, Joaquín González Fernández e Teodoro Bargiela Martínez. Consta no expediente informe do arquitecto técnico municipal núm. 2020-0330 no que fai constar que "(...)Na reportaxe fotográfica e na ortofoto do sistema de información xeográfica de parcelas agrícolas vese claramente a existencia do camiño do que se solicita a incorporación ao inventario municipal, aínda que o catastro non o recolle como tal.*

*A documentación achegada xustifica a existencia do mesmo como acceso a varias parcelas.*

*Polo exposto, dende o punto de vista técnico non se observa impedimento para incorporar dito camiño ao inventario municipal, quedando a criterio da Corporación Municipal a súa aprobación."*

*2.- Camiño que linda polo vento leste das parcelas con referencia catastral 36049A017009150000KO e 36049A017012500001LP, sito en Fonte do Viño, no barrio de Sestelo, parroquia de Santa María de Salceda. Consta no expediente informe do arquitecto técnico municipal núm. 2021-0439 no que fai constar que "(...) Á vista do exposto informar que, queda demostrado que o camiño que linda polo vento leste das parcelas con referencia catastral 36049A017009150000KO e 36049A017012500001LP coincidentes coas parcelas (A e B) resultantes da parcelación, é de titularidade municipal.*

*Dende o punto de vista técnico enténdese que debería incorporarse ao inventario municipal de bens.*

*Quedando a criterio da Corporación Municipal a súa incorporación ou non, ao inventario municipal de bens."*

*3.- Camiño cedido gratuitamente por acordo da Asemblea Xeral da Comunidade de Montes Veciñais de Parderrubias de 10.03.2024 como parte do inmovible da súa propiedade (con referencia catastral 6049A021090250000KR) que parte da estrada municipal de A Portela ao Piñeiro e remata na parcela catastral 36049A021003770000KT cunha superficie de 331 m2, aceptada a cesión por Resolución de Alcaldía núm. 2024- 534 para destinala a camiño público.*

*Consta no expediente informe do arquitecto técnico municipal núm. 2023-0299 no que fai constar que "(...), dende o punto de vista técnico non se observa impedimento para aceptar dita cesión para posteriormente levalo ao inventario municipal de bens."*

*4.- Camiño con referencia catastral 36049A017090440000KF, consta inventariado co número de orde do Inventario 517 e número de orde do Grupo 226, sito na parroquia de Santa María de Salceda, con carácter de dominio público e cunha superficie de 525,6 metros cadrados (3,65 de ancho por 144 de lonxitude) que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descripción catastral de 25 de novembro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 452 metros cadrados.*

*5.- Camiño con referencia catastral 36049A030090350000KL, consta inventariado co número de orde do Inventario 743 e número de orde do Grupo 452, sito na parroquia de Parderrubias, con carácter de dominio público e cunha superficie de 406,98 metros cadrados (3,23 de ancho por 126 de lonxitude) que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descripción catastral de 7 de*



outubro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 370 metros cadrados.

Visto o disposto no informe de Secretaría núm. 2023- 0031.

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

Propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, os seguintes inmobles:

1.- Camiño sito entre as parcelas con referencia catastral 36049A019014330000KJ, 36049A019014270000KD e 36049A019014320000KI, cunha superficie (segundo a documentación aportada) de 18 metros de longo e 7,35 metros de ancho, sito no barrio de A Pedra, parroquia de Santa María de Salceda.

2.- Camiño que linda polo vento leste das parcelas con referencia catastral 36049A017009150000KO e 36049A017012500001LP, sito en Fonte do Viño, no barrio de Sestelo, parroquia de Santa María de Salceda.

3.- Camiño que parte da estrada municipal de A Portela ao Piñeiro e remata na parcela catastral 36049A021003770000KT cunha superficie de 331 m2, sito no barrio da Portela, parroquia de Parderrubias.

**SEGUNDO:** Modificar os datos de inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, por ser obxecto de alteración da descripción catastral, dos seguintes camiños:

1.- Camiño con referencia catastral 36049A017090440000KF, consta inventariado co número de orde do Inventario 517 e número de orde do Grupo 226, sito na parroquia de Santa María de Salceda público e cunha superficie de 525,6 que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descripción catastral de 25 de novembro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 452 metros cadrados.

2.- Camiño con referencia catastral 36049A030090350000KL, consta inventariado co número de orde do Inventario 743 e número de orde do Grupo 452, sito na parroquia de Parderrubias e cunha superficie de 406,98 metros cadrados que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descripción catastral de 7 de outubro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 370 metros cadrados.

**TERCEIRO:** Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

**CUARTO:** Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse, tramitarase o correspondente expediente de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos para proceder a dar de alta os sinalados inmobles.

**VOTACIÓN.** Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por NOVE VOTOS a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4), PP (5), e tres ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (2) e BNG (1), adoptando o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Aprobar o recoñecemento como bens de dominio público, para a súa inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, os seguintes inmobles:

1.- Camiño sito entre as parcelas con referencia catastral 36049A019014330000KJ, 36049A019014270000KD e 36049A019014320000KI, cunha superficie (segundo a documentación aportada) de 18 metros de longo e 7,35 metros de ancho, sito no barrio de A Pedra, parroquia de Santa María de Salceda.



2.- Camiño que linda polo vento leste das parcelas con referencia catastral 36049A017009150000KO e 36049A017012500001LP, sito en Fonte do Viño, no barrio de Sestelo, parroquia de Santa María de Salceda.

3.- Camiño que parte da estrada municipal de A Portela ao Piñeiro e remata na parcela catastral 36049A021003770000KT cunha superficie de 331 m<sup>2</sup>, sito no barrio da Portela, parroquia de Parderrubias.

**SEGUNDO:** Modificar os datos de inclusión no inventario de bens e dereitos municipais, por ser obxecto de alteración da descrición catastral, dos seguintes camiños:

1.- Camiño con referencia catastral 36049A017090440000KF, consta inventariado co número de orde do Inventario 517 e número de orde do Grupo 226, sito na parroquia de Santa María de Salceda público e cunha superficie de 525,6 que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descrición catastral de 25 de novembro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 452 metros cadrados.

2.- Camiño con referencia catastral 36049A030090350000KL, consta inventariado co número de orde do Inventario 743 e número de orde do Grupo 452, sito na parroquia de Parderrubias e cunha superficie de 406,98 metros cadrados que debe modificarse en virtude do acordo de alteración da descrición catastral de 7 de outubro de 2022 da Xerencia Territorial do Catastro, que establece unha superficie de 370 metros cadrados.

**TERCEIRO:** Abrir un período de información pública de 20 días hábiles contados desde o seguinte á publicación deste acordo de aprobación inicial no BOP de Pontevedra.

**CUARTO:** Si se presentasen alegacións serán resoltas en novo acordo plenario. De non presentarse, tramitarase o correspondente expediente de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos para proceder a dar de alta os sinalados inmobles.

**Expediente 797/2024. Declaración especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego: Centro cultural de Parderrubias.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sr. Rodríguez Canosa:** Neste punto traemos a consideración do pleno a declaración de obras de especial interese ou utilidade municipal, a nosa Ordenanza do ICIO recolle a posibilidade de certas bonificacións entre elas o 95% de bonificacións para aquelas obras que o Pleno estime de utilidade e de especial interese, neste punto número tres traemos unha solicitude da Comunidade de Montes Veciñais de Parderrubias para a construción dunha rampa que una o Torreiro novo de A Portela co Centro Cultural, sería unha unión que se faría pola parte traseira do Centro Cultural evitando así que as persoas pasen por vías con tráfico, conta con informes favorables, polo que se trae a consideración do pleno para a declaración de especial interese e si isto é positivo despois aplicaráselle a bonificación.

**Sr. Núñez Troncoso:** Estamos ante unha petición dunha bonificación do 95% do ICIO, bonificación que ven recollida no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais e tamén o recolle a nosa Ordenanza, Ordenanza que se modificou para poder ampliar a bonificación ao 95% no 2016 pese a que este Grupo xa viña insistindo que este tipo de obras se bonificasen ao máximo que permite a lei do 95%, viñamos insistindo dende o 2011 ata o 2016 en que se aprobou esa modificación, nós por suposto que estamos de acordo en que ese tipo de obras se bonifique co máximo que permite a Lei porque ao final redundan en beneficio de todos os veciños esas obras normalmente as executan as Asociacións de Veciños ou Comunidade de Montes e logo queda para o desfrute dos veciños tanto das parroquias como da Esfarrapada, é unha pena que algunhas destas entidades, e lembro a Comunidade de Montes de Budiño na execución dun muro ou na Comunidade de Montes da Picoña na



construción da pista polideportiva ou do cerre da parcela da Asociación de Veciños incluso do pavillón de Entenza que non se lle poderá aplicar esta bonificación máxima, é certo, que son cantidades pequenas que se van a bonificar pero tamén non é menos certo que a obra en si tamén é de pouco cuantía, na de Paderrubias a bonificación van ser 142€ e na de Comunidade Montes de Sta. María, que falaremos dentro duns intres, se vai a bonificar en 458,36€, pola nosa parte nada máis loxicamente estamos de acordo tanto neste punto como no seguinte.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Dende o Partido Socialista tendo en conta que se trata dunha obra, entendemos, de beneficio para a veciñanza con un alto valor social estamos de acordo na aplicación do máximo desconto do ICIO tanto nesta como na seguinte tamén.

**Sr. Guerra García:** A bonificación está contemplada na Ordenanza é unha entidade social e creo que sobran as palabras, vamos a apoiar o tema.

**Sra. Alcaldesa:** Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o expediente instado por 35554258F JOSE ESTEVEZ PEREZ en representación de V36036283 CDAD DE MONTES VECINAIS EN MANO COMUN DE DE PARDERRUBIAS mediante escrito recibido en data 03/04/2024 (Rex. Núm. 2024-E-RE-770) relativos á solicitude de: *“Que a construción da rampla de acceso o Centro Cultural de Parderrubias, presentada por CPO, con data 15 de marzo de 2024, e con número de Rexistro **2024-E-RE-620**, ten carácter de interés público, polo tanto, deberíase acordar a bonificación ou exención das correspondentes taxas administrativas para a obtención da licenza”*

Vista providencia de Alcaldía polo que se inicia expediente de bonificación do 95 % Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, a realización de melloras no acceso ó Centro Cultural de Parderrubias, polo que pode considerarse obra de clara utilidade pública por concorrer circunstancias de carácter social e cultural, ó tratarse dunha obra destinada a mellora de dunha casa cultural considerando que a promoción da cultura e equipamentos culturais como competencia propia dos municipios de conformidade co artigo 25.2.m) LBRL.

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2024-85 e de Tesourería núm. 2024-86.

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO.** Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras menores consistentes en: UNHA RAMPA DE ACCESO Á PARCELA NA QUE SE EMPRAZA O CENTRO CULTURAL DE PARDERRUBIAS incluídas no expediente núm. 869/2024 a solicitude 35554258F JOSE ESTEVEZ PEREZ en representación de V36036283 CDAD DE MONTES VECINAIS EN MANO COMUN DE PARDERRUBIAS mediante escrito recibido en data 03/04/2024 (Rex. Núm. 2024-E-RE-770).



**SEGUNDO.** Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**TERCEIRO.** Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”

**VOTACIÓN.** Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e culturais ás obras menores consistentes en: UNHA RAMPA DE ACCESO Á PARCELA NA QUE SE EMPRAZA O CENTRO CULTURAL DE PARDERRUBIAS incluídas no expediente núm. 869/2024 a solicitude 35554258F JOSE ESTEVEZ PEREZ en representación de V36036283 CDAD DE MONTES VECINAIS EN MANO COMUN DE PARDERRUBIAS mediante escrito recibido en data 03/04/2024 (Rex. Núm. 2024-E-RE-770).

**SEGUNDO.** Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**TERCEIRO.** Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.

**Expediente 1463/2023. Declaración especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego: Área recreativa Agoeiros.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Sr. Rodríguez Canosa:** Neste punto similar ao anterior e o que traemos é outra petición de declaración especial interese ou utilidade municipal outra obra tamén solicitada por un colectivo social, neste caso trátase dunha solicitude feita pola Comunidade de Montes Veciñais en man común de Sta. María de Salceda para unhas obras que van a realizar no parque recreativo forestal dos Agoeiros, as obras principais son realizar uns pequenos muros de contención na zona das mesas para evitar que as terras se veñan a baixo, a construción dun espazo cuberto de 6x3m e dúas escaleiras de acceso á zona da traída. Igual que o punto anterior a nosa Ordenanza contempla unha bonificación do 95% sempre e cando a obra se declare de especial interese ou utilidade municipal, me gustaría aclarar que nestes puntos o que estamos facendo é non é aprobar a bonificación senón que é aprobar o especial interese ou utilidade municipal de estas obras ao igual que no segundo punto o que estabamos facendo é aprobar unha bonificación no inventario non aprobando diferentes camiños e por iso se traía nun solo punto porque era un punto de modificación de inventario non ten sentido modificar o inventario cinco veces si se pode modificar unha vez, polo tanto estes son separados porque son distintas obras como o anterior dende o Goberno consideramos que son de especial interese e esperamos que o pleno así o decida.





**Sr. Núñez Troncoso:** Señor Concelleiro unha cousa leva a outra, unha vez que se aproba que a obra é de interese social automaticamente xa se aplica a bonificación ouxexa que estamos falando do mesmo non hai porque diferenciar o tema, é unha obra coa que se pretende mellorar a zona dos Agoeiros e loxicamente cos mesmos argumentos que no punto anterior nós vamos a apoiar a declaración de especial intereses e por ende a aplicación inmediata da bonificación do 95%.

**Sr. Gregorio Vaqueiro:** Repetímonos coma no punto anterior, entendemos que é un ben de interese social para a parroquia polo tanto vamos a apoiar esa declaración de especial interese e polo tanto a bonificación do 95%.

**Sr. Guerra García:** No punto dous da proposta da Alcaldía xa ben recoñecer a bonificación do 95% , é o mesmo caso que o anterior, apoiaremos.

**Sr. Alcaldesa:** Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Visto o expediente instado por DB15855000SELGA CIA GALEGA DE SILVICUTORES SL, no nome e representación V36389435 COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚNDE SANTA MARÍA DE SALCEDA, RE 2024-E-RE-87518/04/2024 13:53de solicitude de:

**INFORMA:**

*Que a presente Comunidade de montes promove varias actuacións varios traballos de acondicionamento na área recreativa dos Agoeiros.*

*Que foi solicitada autorización para a execución dos traballos ao Concello de Salceda de Caselas, con número de expediente asignado 1463/2023.*

*Que dado o carácter de mellora dotacional desta área aberta ao desfrute público de tódolos veciños, e considerando o beneficio público das actuacións sinaladas, estímase solicitar a exención das taxas municipais correspondentes.*

**SOLICITA:**

**A EXENCIÓN DAS TAXAS MUNICIPAIS CORRESPONDENTES para a realización das citadas actuacións.**

Vista providencia de Alcaldía polo que se inicia expediente de bonificación do 95 % Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a favor de construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración.

Visto que a obra ten por obxecto, de acordo coa documentación achegada, a realización de actuacións na área recreativa dos Agoeiros polo que pode considerarse obra de clara utilidade pública, por concorrer circunstancias de carácter social, ó tratarse dunha obra destinada a mellora dunha área recreativa. O especial interese municipal é debido á súa contribución ao benestar da comunidade ó proporcionar un espazo ó aire libre que fomenta actividades coma camiñadas ou deportes, a conservación ambiental, ou turismo local, entre outras, todas elas consideradas competencias propias do municipio de conformidade co artigo 25.2LBRL.

Visto o previsto no artigo 5.1 da Ordenanza fiscal nº 24 reguladora do ICIO do Concello de



Salceda de Caselas e no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Non obstante o disposto no informe conxunto de Intervención núm. 2024-86e de Tesourería núm. 2024-85

De conformidade co establecido no artigo 175 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras consistentes en:TRABALLOS DE ACONDICIONAMENTO NA ÁREA RECREATIVADOS AGOREIROS (MUERETES DE CONTECNIÓN, CASETA E ACCESO)incluídas no expediente núm. 1463/2023a solicitude DB15855000SELGA CIA GALEGA DE SILVICUTORES SL, no nome e representaciónV36389435COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚNDE SANTA MARÍA DE SALCEDA mediante escrito recibido en data 18/04/2024 (Rex. Núm. 2024-E-RE-875).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”

**VOTACIÓN. Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros presentes nesta sesión, adoptando o seguinte acordo:**

#### **ACORDO:**

PRIMEIRO. Que se declare de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais ás obras consistentes en:TRABALLOS DE ACONDICIONAMENTO NA ÁREA RECREATIVADOS AGOREIROS (MUERETES DE CONTECNIÓN, CASETA E ACCESO)incluídas no expediente núm. 1463/2023a solicitude DB15855000SELGA CIA GALEGA DE SILVICUTORES SL, no nome e representaciónV36389435COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚNDE SANTA MARÍA DE SALCEDA mediante escrito recibido en data 18/04/2024 (Rex. Núm. 2024-E-RE-875).

SEGUNDO. Recoñecer a bonificación do 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, por entender debidamente xustificada a causa do beneficio, en virtude do disposto na Ordenanza fiscal de devandito imposto, amparada no artigo 103.2.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

TERCEIRO. Notificar esta Resolución ao interesado, con indicación dos recursos que procedan.”



**Expediente 999/2024. Proposta de apoio para a adquisición e posible recuperación da antiga fachada da Praza de Abastos.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 2, Abstencións: 1, Ausentes: 0

**Sra. Alcaldesa:** Da lectura da proposta de Alcaldía seguinte:

*"Vista a documentación do expediente do ano 1994 de "Enajenación de pedra y materiales resultantes del derribo de la plaza de abastos" onde figura o certificado do acordo plenario polo que se aproba a venta destes materiais e os restantes documentos da licitación.*

*Visto que de conformidade co establecido nos puntos 9 e 10 da Disposición Adicional Segunda da LCSP, corresponden á Alcaldía a competencia para a celebración dos contratos privados, así como a adxudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmobles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento base de licitación non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.*

*Sendo interese da Alcaldía a recuperación destes materiais e a posible reconstrucción da fachada da antiga Praza de Abastos, polo seu interese patrimonial, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte*

### **ACORDO**

**PRIMEIRO.** *Manifestar o apoio por parte do pleno da Corporación Municipal a que pola Alcaldía se realicen os trámites oportunos para a adquisición e posible recuperación da antiga fachada da Praza de Abastos."*

Hai precisamente 30 anos cúmpreos agora o 20 de maio de 2024 onde se propuña nunha sesión plenaria o derrubio e a venta dos materiais resultantes desde pedra, madeira e demais elementos e materiais de que estaba construída a nosa vella Praza de Abastos, e logo de ter coñecemento esta Alcaldesa do seu novo emprazamento cerquiña de aquí no Concello de Ponteareas propoño a este pleno a recuperación de esa fachada, que fai que todos teñamos un especial sentimento de apego cara ao noso patrimonio e creo que é de xustiza devolvela aos veciños e veciñas de Salceda sempre sen acritudes, sen vulgar e logo de ver o expediente que está realizado de maneira correcta conforme a lei pero creo que por unha cuestión patrimonial e tamén unha cuestión sentimental queremos recuperar esa parte da nosa historia, da historia de Salceda a fachada da vella praza de abastos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Decir que este punto foi comentado pola Alcaldía na Comisión que tivemos antes deste pleno polo tanto non hai expediente ao respecto salvo aquel que se xuntou a este pleno a petición dos grupos para traer documentación de ese expediente do ano 1994, efectivamente se incorporou ese expediente e é o que hai nese expediente, é dicir, temos o expediente de 1994 pero non temos ningún tipo de documento a maiores é dicir non hai ningún informe tanto dos servizos xurídicos do Concello da secretaría municipal, intervención ou da propia Alcaldía onde se nos informe de cantas fachadas estamos a falar, da ubicación da mesma, dou por feito que a maioría sabemos onde está, si é esa fachada unicamente a principal que daba hacia a rúa Pontevedra no seu momento ou si son as tres, si hai algún tipo de contacto co propietario actual, de habelo que manifestou o propietario ao respecto, si hai vontade de poder negociar ou se non queren negociar, ou si queren negociar si hai unha proposta estimada da posible valoración e polo tanto do prezo de venta da mesma, insisto, si hai algún informe xa ou algún traballo que estean facendo os servizos urbanísticos, os técnicos do noso Concello ao respecto e despois destas dúbidas ou pregunta loxicamente nos gustaría que a señora Alcaldesa nos



contestase si é posible e con claridade e dende logo nós non vamos a ser un obstáculo todo o contrario, estamos de acordo en iniciar ese procedemento sempre e cando sexa transparente, se faga con toda a boa vontade para chegar a un acordo e polo tanto conseguir o fin que creo que todos, eu falo en nome de este grupo, podemos estar de acordo pero loxicamente temos que ser coñecedores do procedemento en todo momento e o que si vamos a pedir é que unha vez que apoiemos a alcaldía para que inicie estes trámites se nos dea de conta antes de adquirir para saber o precio da mesma e que se poida traer a este pleno ou a Comisión informativa para ratificar e tamén propor, debater e intentar consensuar entre todos as opción para os intereses patrimoniais do noso Concello que nos obriga o cargo que ostentamos respectando loxicamente ese acordo plenario daquel ano 94, ese expediente, e polo tanto ratificado posteriormente polo veciños nas seguintes eleccións non é cuestión, como decía a Alcaldía, de entrar nas decisións que se tomaron fai 30 anos senón de tomar a cesión que nos corresponde no ano 24 respecto de algo que segundo se nos manifesta por parte da Alcaldía que hai posibilidades de recuperar esa fachada polo tanto me reitero na petición de que se nos informe algo mais si se sabe por parte da Alcaldía respecto de cantas fachadas son, si hai algún tipo de contacto etc..

**Sra. Tourón Domínguez:** A verdade é que non entendo moi ben que é o que estamos facendo hoxe aquí neste punto, non entendo a que se trae este punto a pleno ademais tal como se trae, é decir, a única documentación que aparece no expediente é o expediente de licitación e de venta daquel momento do ano 1994 non sei si o que vimos a facer aquí hoxe é a validar o que fixo un Alcalde no ano 94 ou vimos a tomar outro tipo de decisións porque a verdade no expediente está única é exclusivamente esa información e digo tamén que non sei moi ben a que vimos porque como ben dixo a Alcaldesa e como ven na proposta é competencia de Alcaldía tomar estas decisións e a min me parece ben, sempre reclamei canto mais debate haxa mais transparencia, mais acordo mellor pero eu creo que realmente ao que se ben a facer hoxe aquí é un intento de vender a veciñanza que se chegan a acordos coa oposición ou entre toda a Corporación Municipal cando o certo é que os temas que realmente importan a veciñanza e que lle son de interese directo a veciñanza e de servizos básicos eses nin se debaten nin se fan propostas eu para min isto paréceme un lavado de cara de decir que se chega, que se debate e que se intenta acordar cando isto non é así noutros servizos e noutras cuestións que efectivamente son competencia da Corporación Municipal. Hai que decir tamén que pola pouca información que puiden obter de persoas mais expertas que min neste tema falar de unha adquisición de materiais de escaso valor histórico estamos mais alá co sentimental, que por certo, cada un pode darlle o interese que estima oportuno, pero volvo a decir, non sabemos nin canto nos vai a costar nin o que vamos a facer coas pedras que se van ou que se intentan adquirir ou polo menos se intenta abrir o expediente, que insisto, non sei que apoio quere que se manifeste a Alcaldía cando non sabemos o que vai a facer tempos de levantar a man en todo o que se traída ou levantar a man para mostrar, sen información, apoios xa pasaron, ademais e creo que é importante hai que ver o contexto económico actual do Concello de Salceda eu creo que non é o momento de destinar diñeiro público a estas cuestións e insisto, sobre todo sen información absolutamente ningunha e sobre todo cando todos somos conscientes da situación económica e da necesidade que hai doutros servizos para a veciñanza e que ademais son demandados pola propia veciñanza, polo tanto nós co expediente tal como está e nestas circunstancias non vamos dar o apoio a algo, que repito, non sabemos o que é.

**Sr. Guerra García:** Na proposta de Alcaldía fala de unha cosa de "posible reconstrución da fachada da antiga praza de abastos" a nós gustaríanos saber que proxecto ten a Alcaldía de cara a esta situación concreta porque o pon aquí, estiveren vendo o expediente e as fotos das fachadas a verdade e non parece que o interese patrimonial, artístico ou histórico sexa moi amplío, en todo caso, parece ser que daquela o Concello fixo un mal negocio, enténdase, nós o que estamos preocupados é si agora tamén vai facer un mal negocio comprando iso co cal faltan moitas cousas por aclarar neste punto co cal non podemos dar o visto bo a pretensión da Alcaldía creemos que é algo mais propagandístico que real a compra de esa fachada sen ningún plano concreto de que se vai facer con ela, canto nos vai costar, o seu valor, sigo dicindo, a calquera nivel é realmente seguramente inexistente,



non sei o valor de cariño que lle poida ter a xente que usaba a praza hai 30 anos pero o valor que debemos mirar hoxe é si ten valor histórico ou patrimonial, non ten a noso xuízo nada de iso co cal a falta de unhas aclaracións por parte da Alcaldía, polo menos no que respecta a afirmacións que fai na súa proposta da reconstrución da fachada, nos gustaría saber algo mais.

**Sra. Alcaldesa:** Creo que é bastante sinxelo solo hai que leer a proposta de Alcaldía e o acordo, seredes informados puntualmente senón non vos faría participes de todo este proceso e so o fixen inicialmente na comisión e segundo creo que é moi fácil apoiar ou non apoiar, reclamades constantemente participación e eu fágovos participes de unha decisión que efectivamente podería tomar sola como Alcaldesa e sen embargo a estrou traendo a esta sesión plenaria para que o acordo sexa común, e falando de interese patrimonial por parte do señor Guerra do BNG vou ler textualmente o que decía a acta de 1994 "un edificio que lle deu carácter ao nacemento do municipio ao lugar da Esfarrapada e que foi unha inversión municipal que ten ao menos un gran interese histórico cunhas fachadas de pedras labradas ..." isto argumentouno o voceiro do BNG no 1994 fai 30 anos, Xosé Manuel Suárez en sesión plenaria, eu creo que é fácil se trata de apoiar ou non apoiar a devolución a volta ao noso Concello da Praza de Abastos, iniciar negociacións para elo e trátase sinxelamente do que di este acordo: manifestar o apoio por parte do pleno da Corporación Municipal a que pola Alcaldía se realicen os trámites oportunos para a adquisición e posible recuperación da antiga fachada da Praza de Abastos.

**Sr. Rodríguez Davila:** Queríamos saber cantas fachadas estamos a falar, si hai conversas ou no, que tipo de conversas, si hai vontade ou no de chegar a un acordo, si se falou xa de algunha cantidade, si hai algo feito polos servizos técnicos de urbanismo deste Concello, ou simplemente hai a vontade.

**Sra. Alcaldesa:** O que se está pretendendo precisamente é que esta Alcaldesa inicie esas conversas, conversas que como vos dixen na Comisión foron iniciadas, evidentemente non temos unha cuantía sobre a mesa pero de iso se trata de empezar a negociación e todo o mundo ou creo que case todo o mundo debería coñecer a ubicación da fachada principal da praza de abastos que está en Pontearreas que é a que se pretende recuperar, sabemos da existencia de algún dos laterais e por suposto que se tratará de recuperar a maior das pezas posibles pero do que se trata é iniciar eses conversas, e sí co propietario actual xa se falou unha primeira conversa. Non pode haber unha valoración se aínda non se comezaron os trámites, hai unha valoración de 1994 que haberá que actualizar unha vez sepamos en disposición ou no de realizar a venta.

**Sr. Rodríguez Davila:** Aquí hai unha pequena incoherencia é que na proposta que se trae se di por un lado para a adquisición e posible recuperación, si se adquire xa se recupera é un pouco contradictorio, salvo esa cuestión que é loxicamente é un error de forma non hai ningún problema, nós vamos a dar o voto favorable un voto de confianza á Alcaldesa e solicitando publicamente que se nos manteña informa en cada momento que a decisión final respecto da compra se traia a un pleno municipal onde teñamos toda a información no expediente, que se nos faga participes das posibles ubicacións, en aras de sumar a esta vontade de recuperar un patrimonio que teña mais valor ou menor valor significou algo para o noso Concello e polo tanto no recordo de moitos veciños esta esa praza antiga de abastos, o noso apoio vai ser un apoio sincero, un apoio que espero e desexamos que non sexa mal valorado, non tido en conta pola señora Alcaldesa, e reitero a petición de que con este apoio se nos informe puntualmente de todo o proceso e a decisión definitiva se traia a sesión plenaria para que entre todos tomemos unha decisión ao respecto de que si é posible etc., a bos entendedores poucas palabras valen polo tanto con esa vontade de que non se nos defraude damos o voto favorable a que vostede inicie esas conversas.

**Sra. Tourón Domínguez:** Creo que aquí non se está tratando de como se vai a colocar ou non unha pedra, dúas ou tres, estamos tratando moito mais importante do que carecemos absolutamente de calquera tipo de documentación, nós dende logo, o grupo Socialista, por responsabilidade non imos apoiar algo no que non hai ningunha información nin se sabe o que se vai a facer, nin se sabe como se vai a solventar posibles problemas



que nos poidan ocasionar esa posible adquisición mais alá do importe que como dixen antes hai outros servizos e outras cuestión nas que se debe poñer mais ímpetu e non so nestas cuestións que son moito de publicidade de intentar tocar o corazón da xente con morriñas e realmente de pouco traballar e aquí está a proba, o expediente está totalmente vacío mais ala de esa información do 94 así que por responsabilidade nós imos a votar en contra de algo do que non temos absolutamente ningunha información e vou a aproveitar tamén para convidar á Alcaldesa a que nos convide a apoiar o inicio de outras conversas que consideramos mais importantes que esta.

**Sra. Alcaldesa:** Pois si Verónica eu creo que as veces as cousas tamén son de corazón e de sentimento.

**Sr. Guerra García:** Eu non sei si o portavoz do Partido Popular xa algo que nós non sabemos, eu preguntei a posible reconstrución da fachada onde está pensado facerse, a intervención do BNG no ano 94 non pode sacarse simplemente en dúas liñas, o BNG falaba daquela de toda a praza non só da fachada e de facto si se mira a praza por dentro se podería considerar con un conxunto realmente fermoso, a fachada en si so ten o valor que alguén queira darlle pero non ten valor artístico patrimonial de ningún tipo en todo caso nós diante de moitas dúbidas sobre o resultado final de todo isto e a que obedece nós non vamos a apoiar, vamos a abstermos.

**Sra. Alcaldesa:** despois da posición de cada un dos grupos propoño a adopción do seguinte acordo:

“Manifestar o apoio por parte do pleno da Corporación Municipal a que pola Alcaldía se realicen os trámites oportunos para a adquisición e posible recuperación da antiga fachada da Praza de Abastos.”

**VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta esta resulta aprobada por NOVE VOTOS a favor Movemento Salceda (4) e PP (5), DOUS votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (2) e UNHA abstención do Concelleiro do Grupo Municipal BNG (1), adoptándose o seguinte acordo:**

Manifestar o apoio por parte do pleno da Corporación Municipal a que pola Alcaldía se realicen os trámites oportunos para a adquisición e posible recuperación da antiga fachada da Praza de Abastos.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

